




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Vicerrectorado de Organización
Académica e Profesorado

Colexio de San Xerome
Praza do Obradoiro, s/n.
15782 Santiago de Compostela
Tfno. 981 562 314 • Fax. 981 577 418

Para o curso académico 2002/2003, como continuación da acción emprendida no curso pasado, seguirán ofertándose as “**Materias de nivelación**” destinadas a aqueles alumnos que no momento de matricularse por primeira vez nesta universidade non teñen o nivel necesario para seguir de xeito adecuado as disciplinas que se ofertan no primeiro curso da titulación na que se matricularon.

Tendo en conta que estas materias poderán recoñecerse como créditos de libre elección, e que, finalizada a súa impartición, deberá facerse a correspondente análise e avaliación das mesmas, é preciso regulamentar o procedemento e aspectos da xestión que afecta ós diferentes servizos e unidades polo que se dicta a seguinte

INSTRUCCIÓN

- i) O Servicio de Xestión Académica facilitaralle ós alumnos que se matriculan de primeiro por primeira vez nesta universidade os impresos de solicitude de inscrición nas diversas materias de nivelación.
- ii) O prazo de inscrición nestas materias será ata o 4 de outubro; finalizado o mesmo o Servicio de Xestión Académica cumprimentará o impreso que figura como **ANEXO** a esta instrucción nos 3 días hábiles seguintes, enviandoo á Secretaría do centro responsable da materia.
- iii) Os Secretarios dos Centros farán chegar estes listados de alumnos ós profesores responsables de impartilas correspondentes materias de nivelación.
- iv) Finalizado o curso, e avaliados os alumnos, os Profesores que impartiron as materias deberán enviar os resultados dos mesmos ós Secretarios dos centros para que poidan recoñecer os créditos de libre elección ós alumnos que os soliciten segundo acordo de Xunta de Goberno que regula estas actividades.
- v) Asemade os profesores deberán enviar unha copia desta avaliación co informe sobre a os resultados do curso ó vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado co obxecto de avaliar tódolos aspectos dos resultados desta acción.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2002

O vicerrector de Organización Académica e Profesorado

P.D. 19-07-02

O vicerrector de Calidade e Planificación Estratéxica

José Sordo Rodríguez

Sr. Secretarios da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Matemáticas, Química e Politécnica de Lugo;
Srs. Profesores encargados da docencia das materias de nivelación; Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica; Sr.
Xefe de Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica